

NUM-CONSULTA: V0001-06

ÓRGANO: DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

DATA DE SAÍDA: 12/05/2006

NORMATIVA:

- Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

DESCRINCIÓN-FEITOS:

A entidade consultante plantexa ante esta Dirección Xeral de Tributos:

1. A Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo aprobou no seu artigo 1, entre outras, a seguinte dedución a practicar na cota íntegra do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas:

“Artigo 1. Imposto sobre a renda das persoas físicas.

Un. Apróbanse as seguintes deducións da cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda:

5) Por gastos dirixidos a uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos.

Os contribuíntes que durante o exercicio accedan a Internet mediante a contratación de liñas de alta velocidade poderán deducir o 30% das cantidades satisfeitas, no concepto de cota de alta e cotas mensuais, o límite máximo das cales será de 100 euros e segundo os seguintes requisitos:

a) Só poderá aplicarse no exercicio en que se asine o contrato de conexión ás liñas de alta velocidade.

b) A liña de alta velocidade contratada estará destinada a uso exclusivo do fogar e non estará vinculada ao exercicio de calquera actividade empresarial ou profesional.

c) Non resultará de aplicación se o contrato de conexión supón simplemente un cambio de compañía prestadora do servizo e o contrato coa compañía anterior realizouse noutro exercicio. Tampouco resultará de aplicación cando se contrate a conexión a unha liña de alta velocidade e o contribuínte manteña, simultaneamente, outras liñas contratadas en

exercicios anteriores.

d) O límite máximo da dedución aplícase respecto a todas as cantidades satisfeitas durante o exercicio, xa correspondan a un só contrato de conexión ou a varios que se manteñan simultaneamente.

Dous. A práctica das deducións a que se refire o punto anterior quedará condicionada a xustificación documental axeitada e suficiente do presuposto de feito e dos requisitos que determinen a súa aplicabilidade".

2. O operador de comunicacións por fibra óptica en Galicia, dispón de diferentes produtos, denominados "Combo" pola empresa, que poden ser contratados por particulares. Os devanditos produtos comprenden varios servizos que se contratan de forma conxunta e entre os que se atopa, nalgúns casos, a contratación de liñas de alta velocidade para o acceso a Internet. O operador ofrece cada "Combo" a unha cota mensual única e global que inclúe os diferentes servizos que presta tras a súa contratación.

Os produtos a que se fai referencia no parágrafo anterior son os seguintes:

- Combo 1, inclúe:

- o Servizo de telefonía fixa
- o Internet telefónico de baixa velocidade (non banda ancha)
- o Servizo de televisión en aberto que inclúe canles xeneralistas de ámbito nacional, autonómico e local.

- Combo 2, inclúe ademais dos servizos que se ofrecen no Combo 1:

- o Servizo de televisión multicanle: oferta de canles temáticas de televisión de pagamento.

- Combo 3, inclúe ademais dos servizos que se ofrecen no Combo 1:

- o Internet de alta velocidade por cable modem (banda ancha)

- Combo R, inclúe ademais dos servizos que se ofrecen no Combo 2:

- o Internet de alta velocidade por cable modem (banda ancha)

3. O operador considera fundamental para a súa actividade coñecer o tratamento fiscal dos produtos ofrecidos e os servizos prestados para os efectos do Imposto da Renda das Persoas Físicas, razón pola cal formula a consulta.

CUESTIÓN FORMULADA

Deséxase aclarar distintos aspectos en relación cos servizos ofrecidos polo operador de comunicacións por fibra óptica en Galicia e a aplicación da dedución por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos recollida na Lei 14/2004.

En primeiro lugar, confirmar que o feito de que o operador ofrezca a contratación de liñas de alta velocidade conxuntamente con outros servizos, mediante os denominados "Combo", non impide que o suxeito pasivo do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas aplique a dedución aprobada pola Lei 14/2004 por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías sempre que se cumpran os requisitos establecidos nesta.

En segundo lugar, dado que o consultante ofrece os servizos a un prezo conxunto, o mesmo operador deberá determinar a parte do prezo que corresponda á contratación e mensualidades de liña de alta velocidade, sobre a que procederá aplicar a dedución recollida na Lei 14/2004 por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos.

En terceiro lugar, confirmar que documentación é necesaria para a xustificación da dedución.

CONTESTACIÓN COMPLETA

Respecto da consulta feita, este centro directivo informa o seguinte:

A lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e réxime administrativo aprobou no seu artigo 1.UN.5 a seguinte dedución a practicar na cota autonómica do imposto sobre a renda:

" Por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos.

Os contribuíntes que durante o exercicio accedan a Internet mediante a contratación de liñas de alta velocidade poderán deducir o 30% das cantidades satisfeitas no concepto de cota de alta e cotas mensuais, cun límite máximo de 100 euros e segundo os seguintes requisitos:

- a) Só poderá aplicarse no exercicio no que se subscribe o contrato de conexión a liñas de alta velocidade.
- b) A liña de alta velocidade contratada estará destinada ao uso exclusivo do fogar e non estará vinculada ao exercicio de calquera actividade empresarial ou profesional.
- c) Non resultará aplicable se o contrato de conexión supón simplemente un cambio de compañía prestadora do servizo e o contrato coa compañía anterior se realizou noutro exercicio. Non resultará tampouco aplicable cando se contrate a conexión a unha liña de alta velocidade e o contribuínte manteña, asemade, outras liñas contratadas en exercicios anteriores.
- d) O límite máximo da dedución aplícase respecto de todas as cantidades satisfeitas durante o exercicio, ben correspondan a un só contrato de conexión ou ben a varios que se manteñan simultaneamente".

O artigo 1.DOUS. dispón que "a práctica das deducións ás que se refire o punto anterior quedará condicionada á xustificación documental adecuada e suficiente do suposto de feito e dos requisitos que determinen a súa aplicabilidade".

En resposta ás preguntas feitas no seu escrito de consulta, comunícaselle o seguinte:

- 1.- O feito de que o operador ofrezca a contratación de servizos conxuntos de telefonía, televisivos e de banda ancha non impide que o suxeito pasivo do Imposto sobre a Renda poda deducir da cota íntegra da Comunidade Autónoma de Galicia as cotas de alta máis as cotas mensuais das liñas de alta velocidade, sempre que os seus custos estean perfectamente individualizados e diferenciados dos outros gastos do servizo contratado.
- 2.- O operador deberá indicar a parte do prezo de cada "Combo" que corresponda á contratación e cota mensual da liña de alta velocidade para que o contribuínte do Imposto

sobre a Renda das Persoas Físicas poda aplicar a dedución prevista na norma.

3.- O operador debería facilitar ós contribuíntes información na que se faga constar o nome do contratante do servizo, a data de instalación dos servizos de alta velocidade, e individualizar por separado o custo da alta e as cotas mensuais, para que teñan os datos necesarios para poder aplicarse a dedución autonómica.